



Foto: Manuel Freire Souto

A dorna

A dorna é a embarcación tradicional máis coñecida, viva, en uso e que aínda hoxe pesca en Galicia. As súas liñas, estrutura, calidades mariñeiras, a construción en calime -máis tarde tamén aparece a construción de tope-, a forma do remo ou a forma da vela fan dela a embarcación máis singular do país. De influencia nórdica, parecida ós buques viquingos, sobrevive hoxe incorporando motores fóra-borda sen grandes transformacións e sen perde-la súa esencia.

As súas dimensións son variables segundo os tipos: dende os 4,70 m. das pequenas dornas polbeiras ata os 7 m. das dornas xeiteiras. Temos, ademais, as malleiras e as tramalleiras. As medidas das dornas exprésanse habitualmente en cuartas de quilla (21 cm.). Tamén varían segundo o lugar de construción.

As boas condicións mariñeiras que lle dan á dorna a quilla e o seu amplo temón fana moi axeitada para navegar a vela, converténdose nos últimos tempos nunha embarcación moi apreciada para a navegación de lecer


ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

Juan Villar

PELUQUERO

Ramal dos Galos, 9
telf 986 3

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



Café Bar
Meco

Eduardo Vincenti, 4
Tfno. 986 322 897